



MONTE DOS ACEBAIS

Un bosque máxico no cerne dos Ancares

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: 5,5 km
Dificultade: media
Duración: 2 a 3 horas



Unha pequena ruta para coñecer algunhas das árbores máis senlleiras do país. Para gozar do placer de atoparse con esas árbores maxestuosas, grandiosas polo seu tamaño, a súa idade e a súa singularidade. Sobrevivintes dos tempos en que se talaban os carballos da montaña para construír barcos e travesas de ferrocarril por teren unha madeira dura e resistente á humidade e aos fungos.

O **monte dos Acebais** está situado na cara noroeste de Penalonga, nun terreo con moito desnivel compartindo Ancares galegos e leoneses. A especie dominante, facendo honra ao seu nome, son os acivros e, polo medio, nos claros ou ás beiras dos carreiros, atopamos as carbás, bidueiros, capudres, pradairos, rodais de arandeiras e unha gran riqueza de brións, fungos e líques. Forma parte do espazo natural protexido como "LIC Os Ancares O Courel" e que nos, e outra moita xente, pensamos que debería ser declarado Parque Natural.



Vista xeral do bosque dos Acebais e Penalonga

Carba de 8,50 m de perímetro

PERCORRIDO

Para iniciar a ruta saímos de Piornedo polo alto do lugar, polo camiño que sae a carón da capela de San Lourenzo e vai ao Mostallar. Despois de 1,3 km chegamos á beira dunha pequena campá, á nosa esquerda e en pendente, e baixando por ela atopamos un camiño á dereita que nos mete no bosque, seguímolos uns cincocentos metros, ata un punto no que vira á dereita, xusto onde outro camiño enlaza nel, e cincuenta metros máis adiante, un pouquiño antes de chegar a onde outro camiño chega pola esquerda, temos, á dereita, meténdonos no bosque uns poucos metros, o monumento natural máis importante, un exemplar de carba de máis de 10 m de perímetro e arredor del, un pouco máis arriba e logo máis abaixo e máis adentro do bosque outros exemplares de carbas e curiosos pés de bidueiro. Volvendo ao camiño podemos seguir subindo e ver aos lados outros exemplares menos grosos. Seguimos a ruta ata un resalte rochoso desde o que hai unha fermosa panorámica do val do río da Veiga ata Suárbol, e volvemos. A volta podémola facer polo mesmo sitio que a ida ou meternos, cara abaixo, polo camiño que sae na curva, onde ao pouco atopamos outro bo exemplar de carba, e seguir por el (está un pouco abandonado) ata chegar ao fondo onde, despois de cruzar o regueiro, atopamos un camiño que sube e, dándolle a volta ao teso do Campo, devólvenos ao camiño de baixar a Piornedo ao pé do depósito de auga que deixamos á esquerda á subida.

Aínda que coñecer este bosque ben paga unha visita aos Ancares, Piornedo, como todo o espazo, ofrece ademais múltiples opcións xeográficas, paisaxísticas, etnográficas... que podemos aproveitar e gozar en calquera época do ano para facer a viaxe máis completa.



Toros de acivros



Vista sobre o val de Suárbol



Carba de 10,30 m de perímetro



Carba de 8,50 m de perímetro

Distintos exemplares de carba ou carballo albariño (*Quercus petraea*).



-8,10 m de perímetro.



-5,50 m de perímetro.




-7,50 m de perímetro.



-8,50 m de perímetro

Achegarse a un destes "venerables anciáns" infunde respeto e produce un placer especial, semella que a árbore nos transmite a súa enerxía, as súas vivencias e a súa paz.



Bidueiros



- 4,30 m de perímetro.



.No monte aínda se ven as cepas dalgúns
exemplares talados non se sabe cando.



Fungo sobre o toro dunha árbore



Liques
(barbas de frade)



Acivro nacido nun toro morto.